XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

CONCELLO DE CARBALLO

ASUNTO: Avaliación ambiental estratéxica do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa

Promotor e órgano substantivo: Concello de Carballo
Expediente: 2024AAE2956

Achégolle o informe ambiental estratéxico relativo ao "Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa", no concello de Carballo, emitido por esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade no procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

No informe ambiental estratéxico están resumidas as principais cuestións ambientais trasladadas por administracións afectadas e público interesado no trámite de consultas previas. Non obstante, na elaboración e tramitación do plan o promotor deberá ter en conta todas as observacións e suxestións que constan nos escritos e informes recibidos, os cales están dispoñibles para a súa descarga na seguinte ligazón:

http://descargas.xunta.es/0542053f-d22a-49c2-ad67-60d53d47302f1740564521571

e corresponden a:

- Dirección Xeral de Urbanismo
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas (Servizo de Enerxía e Minas da Coruña)

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jesús Santamarina Fernández
Xefe de Área Técnica II

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Complexo administrativo de San Lázaro
San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 957 672
estratexica.medioambiente@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

Asinado por: SANTAMARINA FERNANDEZ, JESUS
Cargo: X. Área Técnica II
Data e hora: 28/02/2025 13:23:15
Firmado digitalmente por: MARINA NÚÑEZ ORJALES - 32820109Y
Motivo: Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa (expediente 2024/U035/000001). Documento de aprobación inicial. Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria 10/2025, de 19/05/2025 (punto 8 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria municipal, Marina Núñez Orjales.
CVE: VFGY0YFa8F2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO SOBRE O PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA ÁREA DEPORTIVA NA LAGOA, NO CONCELLO DE CARBALLO

Promotor e órgano substantivo: Concello de Carballo
Expediente: 2024AAE2956

ANTECEDENTES

1 O 4.2.2016 aprobouse definitivamente o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Carballo.

2 29.11.2024 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Carballo no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva en A Lagoa" (en diante, plan ou PEID). Achegaba un borrador do plan e un documento ambiental estratéxico.

3 O 4.12.2024 requirimos ao Concello que completase a solicitude e o 19.12.2024 recibimos toda a documentación necesaria para iniciar a tramitación do plan.

4 O 27.12.2024 iniciamos un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integraron no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2 O planeamento de desenvolvemento urbanístico debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG).

3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten a natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

CVE: ZKnFMXePUBP0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental consultará ao órgano competente en materia de urbanismo, ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 75.3 da LSG), que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do plan e ámbito de actuación

Obxecto: establecer unha dotación urbanística de carácter público destinada a sistema xeral de equipamento deportivo.

Ámbito de actuación: recinto de solo rústico situado nas inmediacións da vila de Carballo. No PXOM os terreos están clasificados como solo rústico de protección agropecuaria.

Superficie do ámbito: 81.551 m² (segundo medición topográfica)



3. Características ambientais da área probablemente afectada

No sistema territorial que definen as Directrices de ordenación do territorio (DOT), a vila de Carballo é cabeceira do sistema urbano intermedio de "Carballo e a costa de Bergantiños".

CVE: ZKnFMXePUBP0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O ámbito territorial do PEID sitúase ao leste do tramado urbano da vila de Carballo (preto da Praza do Concello), na veiga do río Anllóns. Nas marxes deste tramo do curso fluvial, o PXOM proxecta un parque urbano (sistema xeral de espazos libres SX-EL1).

Trátase dunha zona cunha pendente suave (oscila entre 2,8% e 3,8%) e bastante uniforme que descende en dirección oeste-leste dende a rúa Vila de Negreira (cota +116/+117) ata un camiño público peonil (entre as cotas +107 a +109). O terreo está ocupado por parcelas agrícolas (cultivos forraxeiros), prados e unha pequena masa de arborado autóctono de rexeneración espontánea.

O ámbito do PEID atópase dentro do perímetro de protección, na zona de restricións medias, da autorización de aproveitamento de augas mineiro medicinais e termais "Virgen de la Estrella" (AC/B/1006), cuxo titular é a entidade "Baños Viejos de Carballo, SA".

As rúas que rodean o ámbito do plan especial contan con todos os servizos urbanísticos (abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas residuais, subministración de enerxía eléctrica, gas canalizado e telecomunicacións).

4. Proposta do plan

Análise de alternativas: No documento ambiental estratéxico descartouse a alternativa cero (non formular o PEID) e analizáronse tres alternativas que coincidían en emprazar a área deportiva na zona da Lagoa pero se diferenciaban nas instalacións a implantar, a situación destas instalacións e a superficie do ámbito. Fronte ás alternativas "de máximos" e "de mínimos" que representaban as alternativas 1 e 2 respectivamente, seleccionouse a alternativa (3) que cubría as demandas mínimas de instalacións deportivas.

Resumo da proposta: o plan especial ordena detalladamente o ámbito de actuación con:

- Dúas zonas deportivas (EQ-1/EQ-2) nas que se instalarán un campo de fútbol con pista de atletismo e un pavillón multiusos. As edificacións terán unha altura máxima de 13 metros (xustifícase no borrador a necesidade de superar os 7 metros).
- Dúas prazas públicas (PZ-EL3 e PZ-EL4), para dar acceso ás instalacións deportivas e como espazo de relación estre elas.
- Zonas verdes (ZV-EL1/ZV-EL2; 41.958 m²) que se manterán en estado natural e constituirán espazos aptos para a actividade deportiva non programada, con previsión de sendas peonís para correr ou camiñar, pequenas explanadas nas que se poidan instalar aparellos para realizar estiramentos ou ximnasia e dotación de arboredo autóctono.

CVE: ZKnFMXePUBP0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

– Tres aparcadoiros públicos (AP-1/AP-2/AP-3; 7.963 m²) con capacidade total para uns 334 vehículos, que terán unha dobre finalidade: servir ás novas instalacións e como aparcadoiros disuasorios ou de proximidade debido a súa situación inmediata ao centro administrativo e comercial da vila de Carballo.

Regularízanse as vías existentes, completando a rúa Vila de Negreira coa creación dunha senda peonil e un carril bici, dando continuidade á rúa Álvarez Soutomaior e conectándoa coas rúas Lagoa e Camiño do Bosque (rúas que van a ser reurbanizadas en breve).

O ámbito conectarase ás redes de servizos urbanos existentes nas rúas da contorna, agás á rede de augas residuais, que serán conducidas por gravidade ao colector xeral que discorre ao longo do curso do río Anllóns, e as augas pluviais verteranse ao río Anllóns mediante rede separativa.

Ordenación proposta no PEID

5. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

Administracións públicas afectadas	*Resposta*	*Sen resposta*
Dirección Xeral de Urbanismo (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas)	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria)	x	

CVE: ZKnFMXePUBP0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asemade, o borrador do PEID e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non recibimos ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación do plan todas as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. Resumimos a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Urbanismo

O ámbito do plan está formado por un total de 80 parcelas catastrais, que cumprirá agrupar para que o plan especial se conforme cun único predio continuo a fin de poder aplicar sobre el as condicións de edificación establecidas pola LSG e o RLSG, entre elas a parcelas mínima (artigo 61.2 RLSG) e a ocupación máxima do 20% (artigo 61.3 RLSG).

As disposicións legais sobre uso e edificación do solo establecidas na LSG e no RLSG serán aplicables prevalecendo sobre as disposicións sobre equipamentos do plan xeral, nomeadamente os artigos 251 e 252 da súa normativa citados no punto 4.1 da memoria xustificativa (disposición transitoria 1ª.1.d da LSG e concordantes do RLS).

A memoria xustificativa do borrador prevé edificacións de altura máxima de ata 13m polas características concretas das actividades propostas (campo de fútbol de 1ª RFEF e polideportivo). A normativa urbanística preverá tal altura para as edificacións cos usos e características concretos indicados nesa memoria do borrador; para calquera outro, a altura máxima será de 7 m, podendo xustificarse, ao solicitar o correspondente título habilitante municipal, altura superiores en función do concreto uso da edificación (artigo 60.4 RLSG).

O proxecto deberá garantir o mantemento do estado natural dos terreos na proporción e termos establecidos no artigo 39.d).7ª da LSG.

Instituto de Estudos do Territorio

Sinala que, de acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (RLPPG), o PEID incorpora un estudo da paisaxe proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03).

Considera que a distribución no PEID das edificacións, aparcadoiros (nos espazos máis próximos á zona urbana) e zonas verdes (en continuidade coa ribeira do Anllóns) permite amortecer os impactos visuais cara a zona de maior valor paisaxístico. Ademais, o conxunto de medidas de inserción paisaxística recollido no documento ambiental estratéxico resulta completo, axustado ás Directrices de paisaxe e axeitado para acadar a máxima integración do conxunto.

CVE: ZKnFMXePUBP0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Conclúe que o PEID non vai provocar un impacto paisaxístico significativo. En todo caso, para garantir unha boa inserción paisaxística, as medidas de inserción paisaxística recollidas no DAE deberán quedar incorporadas na normativa que acompañe ao plan especial.

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas (Servizo de Enerxía e Minas da Coruña)

Non se prevé no borrador do PEID realizar actividades recollidas no anexo I do Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o regulamento do aproveitamento das augas mineiromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia; non obstante, en cumprimento do artigo 14 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, unha vez aprobado o PEID, deberá solicitarse informe vinculante desta consellería competente en materia de minas, e en calquera caso, será de aplicación o artigo 43 do Regulamento xeral para o réxime da minería, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto para os traballos e actividades a desenvolver dentro do perímetro de protección da captación das augas mineiro medicinais e termais "Virgen de la Estrella" (AC/B/1006).

No caso de que o proxecto chegue a fixar algún tipo de condición para usos e actividades do solo, estas non deberán excluír o uso mineiro ao que fai referencia o apartado k) do artigo 35 da LSG ou ben estar limitadas á superficie estritamente necesaria.

6. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

A localización do novo equipamento deportivo proposto, cuxa necesidade se xustifica no borrador do plan especial, considérase axeitada pola súa proximidade á trama urbana da vila de Carballo e por contar cunha boa accesibilidade.

A ordenación das edificacións, aparcadoiros e zonas verdes presentada no borrador permite amortecer os impactos visuais cara a zona de maior valor paisaxístico (a ribeira do Anllóns) e as medidas de inserción paisaxística recollidas no documento ambiental estratéxico son axeitadas, polo que non se agardan efectos significativos sobre a paisaxe.

Non se prevé que o plan teña efectos significativos sobre o patrimonio cultural nin sobre o patrimonio natural, pois non hai valores destacados que poidan verse afectados.

A nova área deportiva será un elemento xerador de mobilidade na zona, importante en datas puntuais (partidos, eventos deportivos,...). Con todo, o equipamento sitúase nunha zona con moi boa accesibilidade (a rúa Vila de Negreira é un dos viarios que

CVE: ZKnFMXePUBP0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

canalizan o tráfico principal de acceso ao núcleo) e, debido á continuidade co solo urbano de Carballo, será factible realizar a meirande parte dos desprazamentos a pé ou en bicicleta; neste sentido o plan prevé incorporar un carril bici segregado na rúa Vila de Negreira e itinerarios peonís adaptados. Amais, os aparcadoiros proxectados no plan utilizaranse como aparcadoiros disuasorios ou de proximidade ao centro administrativo e comercial da vila, o cal permitirá mellorar a calidade do ambiente urbano.

Na contorna do ámbito do plan existen redes de todos os servizos urbanos necesarios para o novo equipamento. En todo caso, debe quedar garantido no plan a suficiencia destes servizos.

Tendo en conta o indicado, RESOLVO:

Que vista a documentación presentada polo promotor e considerando o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, conclúese que o "Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva en A Lagoa", no concello de Carballo, non terá efectos ambientais significativos. Non obstante, establécense as seguintes condicións:

1) O plan deberá garantir o mantemento do estado natural dos terreos ou, alternativamente, realizarase a plantación de arborado ou especies vexetais, empregando solucións que impidan o selado do solo, ao menos, na metade da superficie non ocupada da parcela.

2) O plan deberá incluír entre o seu contido a seguinte información:
   - En canto ao abastecemento de agua (artigo 11.4 do Plan hidrolóxico de Galicia-costa):
     a) Estimación do caudal preciso para atender as necesidades da proposta, tendo en conta as dotacións establecidas no apéndice 7 da normativa do Plan hidrolóxico vixente.
     b) Indicación do título concesional que ampara o caudal estimado.
     c) Comprobación da suficiencia do caudal outorgado no título concesional para atender a nova demanda.
   - En canto ao saneamento e depuración das augas residuais:
     a) O destino final das augas recollidas e o proceso de depuración antes da súa vertedura.

CVE: ZKnFMXePUBP0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) Estimación dos caudais e tipificación das cargas e concentracións previstas, tendo en conta a metodoloxía recomendada nas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia.

c) Indicación da autorización de vertido do sistema de depuración previo á súa vertedura emitida polo organismo de bacía competente.

d) Comprobación da suficiencia dos sistemas de saneamento e depuración para satisfacer as demandas calculadas.

3) Deberá incorporar á normativa as medidas de inserción paisaxística recollidas no documento ambiental estratéxico do plan especial.

4) O plan deberá incluír entre a súa documentación a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao Concello de Carballo xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas,** e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave).

Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Asinado por: ECHEVARRIA MORENO, MARIA JOSE
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 28/02/2025 11:43:42

CVE: ZKnFMXePUBP0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve